

**Datos Do Expediente:**

| | |
|--------------------------------|------------|
| XUNTA DE GOBERNO LOCAL | |
| Unidade Tramitadora: | |
| Organos de Goberno e Central - | |
| Número expediente: | Documento: |
| AYT/XGL/1/2024 | GOB18I006 |
| 26660G0L014V3X1R0W7A | |
| | |

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA CATRO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTECATRO

| | |
|--|--|
| <p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a OLGA AMENEIRO LOPEZ D/D^a MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO D/D^a JOSE OREONA BRA</p> <p><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL.:</u> D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u> D/D^a M^aANGELES MANTEIGA FULGUEIRA</p> | <p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do catro de xaneiro de dous mil vintecatro, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretaria M^aANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p> |
|--|--|

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE DECEMBRO DE 2023.-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECIMENTO ACTIVO) do mes de decembro de 2023, cun total de 398 contribuintes e por importe de 3.243,70 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (OBRADOIROS DE INGLÉS, ROBÓTICA, COROS, ESCOLA DE FAMILIAS E ESCOLA DE MÚSICA) do mes de decembro de 2023, cun total de 131 usuarios e por importe de 1.067,65 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de

notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR: DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE DECEMBRO DE 2023.-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de decembro de 2023, cun total de 196 contribuíntes e por importe de 18.637,76 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de decembro de 2023, cun total de 2 usuarios e por importe de 0,00 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do



Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4